



**CONVOCATORIA
PREMIOS EDUCACIÓN CONCELLO DA GUARDA
CURSO 2020-2021**

Co ánimo de incentivar o estudo e reforzar actitudes e hábitos relacionados co traballo, esforzo, participación e convivencia entre as persoas mozas o Concello da Guarda convoca os premios de Educación 2021 de acordo coas seguintes:

BASES

1ª. Poderá participar nesta convocatoria o alumnado que curse estudos nos centros públicos e concertados de primaria ou secundaria da localidade de A Guarda durante o curso 2020-2021: CEIP A Sangriña, CEIP Rodríguez Sinde, CEIP As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo, IES A Sangriña, Colexio Padres Somascos e Colexio Plurilingüe San José da Guarda.

2ª. As Bases, unha vez aprobadas, serán expostas na web do Concello (<http://www.aguarda.es>), no taboleiro de anuncios do Concello e nos centros educativos sinalados anteriormente para o seu coñecemento.

3ª.- Establécense un máximo de 28 premios consistentes en material informático (tablets, ebooks...) distribuídos da maneira seguinte:

3.1. Un máximo de 18 premios dirixidos ó alumnado do IES A Sangriña, Colexio Padres Somascos e Colexio Plurilingüe San José A Guarda distribuídos do seguinte xeito:

- a) 2 premios para o alumnado de Ciclo Superior (1 expediente académico e 1 esforzo persoal e participación)
- b) 3 premios para o alumnado de Ciclos Medios (2 expediente académico e 1 esforzo persoal e participación)
- c) 5 premios para o alumnado de 2º de Bacharelato (4 expediente académico, 1 esforzo persoal e participación)
- d) 8 premios para o alumnado de 4º da ESO (5 expediente académico e 3 esforzo persoal e participación)

3.2. Un máximo de 10 premios dirixidos ao alumnado de 6º de Primaria dos colexios públicos e concertados citados na base 1ª, distribuídos do seguinte xeito:



- a) 2 premios para o CEIP A Sangriña (1 expediente académico e 1 esforzo e participación)
 - b) 2 premios para o CEIP Rodríguez Sinde (1 expediente académico e 1 esforzo e participación)
 - c) 2 premios para o CEIP As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo. (1 expediente académico e 1 esforzo e participación)
 - d) 2 premios para o Colexio Padres Somascos (1 expediente académico e 1 esforzo e participación)
 - e) 2 premios para o Colexio Plurilingüe San José da Guarda (1 expediente académico e 1 esforzo e participación)
- 4^a. Serán requisitos esixibles aos/ás participantes que opten a algún dos premios establecidos ter superado o curso respectivo na convocatoria ordinaria do curso 2020-2021, así como ter obtido unha nota media mínima de 8. Salvo naqueles casos nos que se propoña ao alumnado o recoñecemento polo seu traballo, esforzo e participación, neste caso será o propio centro o que proporá ao alumno ou alumna merecedor/a do premio.
- 5^a. Os premios outorgados non poderán ser cambiados por diñeiro en efectivo.
- 6^a. A fin de valorar ao alumnado que cumpra os requisitos de participación, así como de propoñer a selección dos/as premiados/as, constituirase unha comisión avaliadora integrada por un/unha Presidente/a, catro vogais e un/unha Secretario/a.
- a) Exercerá como Presidente o Alcalde da Guarda ou Concelleiro ou Concelleira en quen delegue.
 - b) Exercerán como vogais os directores ou directoras dos centros públicos aos que se dirixe a convocatoria ou membros do equipo directivo nos que deleguen.
 - c) Actuará como secretario da Comisión a Secretaria do Concello da Guarda ou funcionario/a no que delegue.
- 7^a. A Comisión adoptará as súas decisións con total independencia. Os centros proporán aos/ás premiados/as en base aos seguintes criterios:
- a) Ao expediente académico obtido polo alumnado matriculado neste curso 2020-2021 en todas as materias que integren as ensinanzas do curso obxecto desta convocatoria. No caso de alumnado repetidor con materias soltas calcularase a media sobre a totalidade



das materias áinda que algunas delas fosen cursadas en anos anteriores. Para o cálculo da nota media non se terá en conta a cualificación das ensinanzas de relixión.

b) Ao traballo, esforzo e participación do alumnado durante o curso 2020-2021.

Para os expedientes académicos como criterios específicos ás distintas etapas educativas sinálanse os seguintes:

7.1. Alumnado de Ciclos Formativos:

- Nota media -determinada con dous decimais- do expediente académico do último curso do Ciclo (deberá ser aportada a certificación académica que o acredite).

7.2. Alumnado de 2º de Bacharelato:

- Nota media -determinada con dous decimais- do expediente académico de 2º de Bacharelato (deberá ser aportada a certificación académica que o acredite).

7.3. Alumnado de 4º de ESO:

- Nota media -determinada con dous decimais- do expediente académico de 4º da ESO (deberá ser aportada a certificación académica que o acredite)

7.4. Alumnado de Primaria:

- Nota media -determinada con dous decimais- do expediente académico de 6º de primaria (deberá ser aportada a certificación académica que o acredite).

8ª. A Comisión avaliadora comprobará a documentación presentada por cada un dos centros en base a cal elaborarán o listado de alumnos/as premiados/as de cada centro participante. A proposta de fallo será decidida pola Comisión por maioría de votos dos seus membros presentes. O fallo da comisión será inapelable. En caso de empate no seo da comisión decidirase o voto de calidade do/a representante do Concello. A Comisión comprobará directamente polos medios que estime oportunos se os/as candidatos/as propostos/as reúnen todas as características recollidas nas presentes Bases para seren beneficiarios/as dos Premios.

9ª. A Comisión está facultada para resolver cantas dúbihdas se formulen acerca da aplicación e interpretacións destas bases.

10ª. Unha vez ditaminado que alumnado resultará premiado, publicarase na web do Concello (<http://www.aguarda.es>) a relación de alumnos/as premiados/as.



11ª. A aceptación ou renuncia aos premios deberá presentarse por escrito nos documentos consignados ao efecto e que figuran como anexo destas bases, no prazo máximo de 3 días dende a publicación da lista provisoria. Toda vez se dispoña deste anexo ou ben tivese transcorrido o prazo mencionado, publicarase a lista definitiva a través da web municipal (<http://www.aguarda.es>). No caso de se producir algunha renuncia e/ou non aceptación, os premios pasarán automaticamente ao/á seguinte da lista.

12ª. A participación nesta convocatoria supón a íntegra aceptación destas bases. Se algunha das persoas que resultasen premiadas non cumpren con algunas das condicións sinaladas nestas bases o premio resolverase nulo e rexeitado polo/a beneficiario/a.

13ª. A Resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo. Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que houbera ditado a resolución, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992.

A Guarda, a 18 de xuño de 2021 O Alcalde

Asdo. Antonio Lomba Baz



ANEXO I

(Declaración Xurada)

D./Dna....., con D.N.I. nº (nai/pai/representante legal de.....), alumna/o do curso..... do centro..... premiada/o na convocatoria de premios de educación 2020-2021 organizada polo Concello da Guarda, por medio da presente expresa a súa (renuncia/aceptación) do premio outorgado .

En A Guarda, a de 2021.

Firma

*Esta declaración deberá ser cumplimentada polo pai/nai/representante legal do alumno ou alumna no caso de non ser este maior de idade.